

Ano 2019



TERNERA GALLEGA



**Vaca Galega
Boi Galego**

INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTExIDA

**Consello Regulador das
IXPs de Carne de Vacún de Galicia**



Ternera Gallega
30 anos de camiño




INTRODUCCIÓN

O Consello Regulador das IXPs de Carne de Vacún de Galicia integra as Indicacións Xeográficas Protexidas Ternera Gallega e Vaca Galega / Boi Galego e encárgase da súa dirección, xestión e control.

A IXP Ternera Gallega inicia o seu labor en 1989. Desde 1996 está recoñecida pola Unión Europea, sendo a primeira carne de vacún con control integral e certificado de garantía. Baixo esta IXP, se protexe a carne de tenreira e anello que procede de animais nados, criados e sacrificados na nosa Comunidade, sempre que superasen o programa de control establecido polo Consello Regulador nas fases de produción, elaboración e comercialización.

No ano 2017, nace a **IXP Vaca Galega / Boi Galego**, co obxectivo de protexer e valorizar o vacún maior producido en Galicia para xerar riqueza en beneficio dos nosos gandeiros, ademais de dar transparencia ao mercado e garantías aos consumidores.

O Consello Regulador está acreditado pola ENAC, baixo a norma, UNE-EN ISO/IEC 17065, para o control e a certificación da carne de vacún, labor no que se implica a maior parte do equipo humano que forma parte e traballa no Consello.



FUNCIÓNS PRINCIPAIS DO CONSELLO REGULADOR

CONTROL E CERTIFICACIÓN


Gandarías
Fabricantes de pensos
Industrias cárnicas
Puntos de venda

PROMOCIÓN

Profesionais sector cárnico
Canle Horeca
Puntos de venda
Consumidores

Orixe, Razas e Idade
Alimentación e Benestar animal
Certificación e Etiquetado
Presentación nos puntos de venda

Formar, informar e divulgar
Mellorar a comercialización
Fixar acordos coa distribución
Divulgar novos cortes e receitas




VALORACIÓN DO ANO



No ano 2019, **Ternera Gallega** creceu no campo e mantivo as súas cifras no mercado:

- T** Tanto o número de explotacións activas (8.298) como sobre todo o número de tenreiros rexistrados (135.263) creceron significativamente, con valores próximos ao 2 %.
- T** No ano 2019, identificáronse 2.395 xatos máis e inscribíronse 99 explotacións a maiores en Ternera Gallega, nun entorno rural que a pesar de que vai a menos, no caso da produción de carne de vacún séguese mantendo.
- T** O número de canais certificadas (96.104) e as toneladas de carne comercializadas baixo o amparo da IXP (21.235) foron lixeiramente inferiores ás do ano 2018, con diferenzas insignificantes de apenas un 0,5 %.
- T** Ternera Gallega mantivo as súas cifras no mercado, a pesar da presión a diferentes niveis que sofre o consumo de carne, o que demostra a confianza dos consumidores e a aposta por produtos de calidade certificada.
- T** A nivel socioeconómico, o 2019 foi un ano estable, con prezos moderados en orixe, que fluctuaron entre 4,30 e 5 €/kg canal, dependendo do tipo de animais e da súa categoría (Ternera Gallega ou Ternera Gallega Suprema). Pero o nivel de prezos actual debe mellorar, xa que deles depende a continuidade dun bo número de explotacións gandeiras.
- T** A IXP Ternera Gallega cumpre 30 anos, nos que sempre foi a Denominación de calidade de referencia no sector da carne de vacún en España, tanto pola súa calidade e prestixio como porque significa o 55 % do total da carne comercializada con IXP. O seu valor económico en primeira venda acadou os 123 millóns de euros.

VALORACIÓN DO ANO



Vaca Galega
Boi Galego

INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

O 2019 foi o segundo ano de funcionamento da nova Denominación:

- Durante o ano, continuou o proceso de recoñecemento e rexistro da IXP ante a Comisión Europea; cuns prazos que se alongaron, xa fose por cuestións administrativas ou polos diferentes procesos nos que estivo envolta a Administración comunitaria.
- Paralelamente, avanzou a posta en marcha da IXP en base á Protección Nacional Transitoria coa que se conta, pero a un ritmo máis baixo do desexado. O sector ten moito potencial e Galicia pode ser líder tamén na produción desta carne.
- Ao longo do ano 2019, inscribíronse nos rexistros do Consello Regulador 113 explotacións máis, ata acadar as 796; así como 4.982 animais (4.706 vacas e 276 bois). Son cifras modestas que é necesario incrementar.
- Tamén seguen crescendo o número de industrias e comerciais inscritas (28), as canais certificadas (466) e as toneladas comercializadas ao abeiro da IXP (192), pero é necesario un maior compromiso do sector industrial e comercial.
- No caso do vacún maior, os prezos son moi variables, xa que dependen en gran medida do estado cárnico e do engraxamento das canais e pezas de carne, sobre todo dos lombos e solombos.
- A posta en marcha da IXP Vaca Galega / Boi Galego ten como principais obxectivos fomentar esta produción e protexela para complementar os ingresos das nosas explotacións gandeiras. Tamén se pretende evitar a competencia desleal, a picaresca comercial e o mal uso no mercado e na restauración do nome de “Galicia”.




EXPLORACIONES INSCRITAS CON ACTIVIDADE






INDUSTRIAS E COMERCIAIS CÁRNICAS INSCRITAS






TENREIROS REXISTRADOS






CANAIS CERTIFICADAS






CARNE CERTIFICADA (toneladas)






CIFRA DE NEGOCIO (en primeira venda)






ESTABLECEMENTOS CON IMAXE CORPORATIVA






EVOLUCIÓN DOS PREZOS EN ORIXE




DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL


EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS




TENREIROS REXISTRADOS



INDUSTRIAS E COMERCIAIS CÁRNICAS




CANAIS CERTIFICADAS






PRINCIPAIS ASPECTOS PRODUTIVOS


**RAZAS DOS
TENREIROS
REXISTRADOS**



**CONFORMACIÓN DAS
CANAIS
CERTIFICADAS**




**GRAO DE
ENGRAXAMENTO
DAS CANAIS
CERTIFICADAS**






PRINCIPAIS ASPECTOS COMERCIAIS


CATEGORÍAS COMERCIAIS DAS CANAIS COMERCIALIZADAS



TIPOLOXÍA DOS ESTABLECEMENTOS DE VENDA



DISTRIBUCIÓN DO CONSUMO





Vaca Galega
Boi Galego
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

IXP VACA GALEGA / BOI GALEGO




Vaca Galega
Boi Galego
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA


EXPLOTACIÓNS INSCRITAS CON ACTIVIDADE




INDUSTRIAS E COMERCIAIS CÁRNICAS INSCRITAS




VACAS E BOIS REXISTRADOS



CANAIS CERTIFICADAS



CARNE CERTIFICADA (toneladas)




CIFRA DE NEGOCIO (en primeira venda)




DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL


EXPLORACIÓN GANDEIRAS



VACAS E BOIS REXISTRADOS



CANAIS CERTIFICADAS





Vaca Galega
Boi Galego

INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

IXP VACA GALEGA / BOI GALEGO




Vaca Galega
Boi Galego


INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

PRINCIPAIS ASPECTOS PRODUTIVOS


RAZAS DAS VACAS E BOIS REXISTRADOS



CONFORMACIÓN DAS CANAIS CERTIFICADAS




GRAO DE ENGRAXAMENTO DAS CANAIS CERTIFICADAS



PRINCIPAIS ASPECTOS COMERCIAIS

CATEGORÍAS COMERCIAIS DAS CANAIS COMERCIALIZADAS





PROGRAMA DE CONTROL



IXP TERNERA GALLEGA

EXPLOTACIÓNS		INDUSTRIAS		FABRICANTES DE PENSO		PUNTOS DE VENDA		TRAZABILIDADE ADN		CONTROL SUBSTANCIAS E ALIMENTACIÓN	
Inspeccións e controis de identificación	18.689	Auditorías e inspeccións de certificación	69	Inspeccións e mostraxes	87	Inspeccións e mostraxes	529	Análises en industrias	657	Mostras recollidas	2.532
Inspeccións de aleitamento	267	Inspeccións de seguimento da certificación e do etiquetado	2.072					Análises en puntos de venda	1.417	Análises realizados	3.096
Inspeccións e mostraxes uso de substancias e alimentación	534	Inspeccións e mostraxes uso de substancias	132								

IXP VACA GALEGA / BOI GALEGO

EXPLOTACIÓNS		INDUSTRIAS		PUNTOS DE VENDA		TRAZABILIDADE ADN	
Inspeccións e controis de identificación	260	Auditorías e inspeccións de certificación	25	Inspeccións e mostraxes	46	Análises en industrias	12
		Inspeccións e controis de certificación e do etiquetado	229			Análises en puntos de venda	19

RESUMO



TERNERA GALLEGA

EXPLORACIÓN INSCRITAS
 **8.298**

INDUSTRIAS E
COMERCIAIS CÁRNICAS
 **96**

TENREIROS REXISTRADOS
 **135.263**

CANAIS CERTIFICADAS
 **96.104**

CARNE CERTIFICADA
 **21.235**
TONELADAS

VOLUME DE NEGOCIO
 **123** MILLÓNS

ESTABLECEMENTOS CON
IMAXE CORPORATIVA
 **1.416**

INSPECCIÓN
 **22.379**



Vaca Galega
Boi Galego

INDICACIÓN XEGRÁFICA PROTExIDA

EXPLORACIÓN INSCRITAS
 **796**

INDUSTRIAS E
COMERCIAIS CÁRNICAS
 **28**

ANIMAIS REXISTRADOS
VACAS **4.706**

CANAIS CERTIFICADAS
 **466**

CARNE CERTIFICADA
 **192**
TONELADAS

VOLUME DE NEGOCIO
 **0,8** MILLÓNS

 **276**
BOIS

INSPECCIÓN
 **560**

FITOS 2019

30 aniversario de Ternera Gallega

A IXP cumpriu trinta anos en novembro, data na que se conmemora a aprobación do seu primeiro Regulamento, co que nacíu a denominación “Produto Galego de Calidade – Ternera Gallega”. Ese documento recollía os requisitos necesarios para obter o distintivo e garantir ao consumidor a compra de carne de vacún de calidade producida en Galicia. Condicións como a orixe, a idade, as razas admitidas ou a alimentación dos animais xa se establecían naquel momento, sendo o inicio do que a UE recoñecería, en 1996, como Indicación Xeográfica Protexida.



Renovación do convenio con Vegalsa-Eroski

Ternera Gallega e Vegalsa-Eroski renovaron e ampliaron o seu convenio de colaboración para seguir traballando, coa aspiración de comercializar 4 millóns de quilos anuais de carne certificada. Con este acordo, os establecementos da ca-dea en Galicia, Asturias e Castela e León venderán Ternera Gallega, maioritariamente en condicións de exclusividade. Ademais, as dúas organizacións fomentarán o consumo da carne de vacún mediante actividades informativas e promocionais.



Origen España suma novos socios

O Consello Regulador ostenta a presidencia de Origen España, asociación que vela polos intereses das Denominacións e pola súa promoción entre os consumidores. Forman parte da asociación 62 DOPs e IXPs de toda España e de diferentes sectores produtivos, que significan case o 80 % do valor económico dos produtos comercializados con selos de calidade. Baixo a presidencia de Ternera Gallega, 16 DOPs e IXPs máis se asociaron. Seis deses novos membros son galegos: a DOP San Simón da Costa e as IXPs Mel de Galicia, Pan de Cea, Pataca de Galicia, Castaña de Galicia e Tarta de Santiago.



“Carnes con estilo” logra as súas metas

Acampaña de promoción conxunta de Ternera Gallega e Ternasco de Aragón conseguiu o seu obxectivo: incrementar o recoñecemento do selo IXP entre os consumidores, que se duplicou respecto a 2018, ata un 39,5 %. Así o verifica a consultora GFK tras o segundo ano da campaña, durante o que “Carnes con estilo” estivo presente en case 800 establecementos de Madrid, País Vasco, Cataluña e a Comunidade Valenciana e ofreceu degustacións para unhas 35.000 persoas.



Máis puntos de venda de Ternera Gallega en Alemaña

O Consello Regulador segue ampliando o número de carnicerías que comercializan Ternera Gallega en Alemaña. En 2019, firmou 5 novos acordos de colaboración con establecementos das cidades de Neuss, Memmingen e Hagen, que se suman aos 6 asinados no exercicio anterior. Estes novos puntos de venda adhírense ao sistema de control da IXP e comezaron a recibir material coa imaxe corporativa de Ternera Gallega, en alemán, para informar sobre a carne aos seus clientes.



Vaca Galega / Boi Galego estréase nas feiras gastronómicas

Tras iniciar en 2018 a certificación das primeiras canais de Vaca Galega / Boi Galego, a nova IXP estreouse este ano nos eventos culinarios máis destacados do panorama nacional, sorprendendo cos seus cortes alternativos e co intenso sabor da súa carne. Máis de 60 profesionais do sector cárnico e da restauración acudiron á masterclass impartida no Forum Gastronómico da Coruña e ata 150 persoas participaron nos 5 showcookings organizados polo Consello Regulador no Salón Gourmets en Madrid.



Nutrición e deporte con Gómez Noya



O campión de triatlón, Javier Gómez Noya, continuou como embaixador de Ternera Gallega e protagonizou tres grandes eventos en Madrid, Valencia e Santiago; organizados coa intención de promover a alimentación saúdaable e o deporte. Os máis de 600 asistentes puideron facer un pequeno adestramento con Gómez Noya, que compartiu con eles os seus consellos sobre preparación deportiva e nutrición. Despois repuxeron forzas nas degustacións ofrecidas pola IXP, nas que o aforo chegou ás 900 persoas.

PROMOCIÓN

Nutrición e deporte co triatleta Gómez Noya



Campaña Carnes con Estilo xunto coa IXP Ternasco de Aragón



Showcookings para profesionais, canal horeca, bloggers e consumidores



Misións comerciais inversas con cadeas de distribución nacionais



Campaña publicitaria na TVG e medios



Campaña de publicidade exterior na Comunidade Valenciana e Murcia



PROMOCIÓN

Forum Gastronómico da Coruña



33º Salón Gourmets en Madrid



Semana Verde 2019 en Silleda



PROMOCIÓN INTERNACIONAL

**Degustacións en puntos de venda,
eventos e actividades culturais**



**Misións comerciais inversas con
distribuidores e carniceros alemáns**



**Presentacións a profesionais, restauración
e medios de comunicación en Baviera**



RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

FORMACIÓN

- Clases teórico-prácticas en diferentes escolas, ciclos de cociña ou programas de emprego
- Cesión de material divulgativo e produto certificado para cursos
- Charlas e xornadas técnicas para gandeiros e industrias
- Xornadas orientadas aos consumidores, a UNAE...
- Accións divulgativas e showcookings en eventos e feiras



DEPORTE E CAUSAS SOCIAIS

- Eventos e patrocinios: triatlón, pádel, voleibol, ciclismo...
- Asociación Española contra o Cancro
- Asociación Freixeiro de Axuda ao Necesitado
- Cruz Vermella e Bombeiros Unidos Sin Fronteiras
- Down Compostela e Asoc. de familiares de enfermos de Alzheimer
- Portal Solidario





WEB E SOCIAL MEDIA



79.409
usuarios únicos

119.254
sesións



24.725
usuarios únicos

44.641
sesións

Aplicacións móbiles de Ternera Gallega para explotacións, consumidores e comerciais.

REDES SOCIAIS

TERNERA GALLEGA



Facebook:
45.767
fans



Twitter:
3.143
seguidores



Instagram:
3.158
seguidores



Youtube:
6.580
suscriptores

Social Ads



+ **41** millóns de impresións
+ **1** millón de visualizacións

Accións destacadas:

Campaña Pura Ternura con Gómez Noya
Gourmets 2019 • Cociña + Conciencia
Xornada Técnica
Carnes con estilo • Campaña de Nadal

VACA GALEGA / BOI GALEGO



Facebook:
6.313
fans



Twitter:
771
seguidores



Instagram:
1.628
seguidores

Social Ads



+ **4,6** millóns de impresións
+ **10** mil visualizacións

Accións destacadas:

Fórum Gastronómico
Gourmets 2019
Xornada Técnica

RETOS 2020

Reforzo da imaxe e do prestixio de Ternera Gallega mediante unha campaña publicitaria de fomento do consumo, en televisión

Aposta pola sustentabilidade da produción cárnica de calidade: benestar animal, compromiso medioambiental e bioseguridade nas explotacións

Impulso ao desenvolvemento de produtos elaborados de alta calidade e valor engadido con carne das IXPs Ternera Gallega e Vaca Galega / Boi Galego

Necesidade da elaboración dun Plan Estratéxico para o sector de vacún de carne galego



Regularización produtiva nas explotacións inscritas en Ternera Gallega

Recoñecemento na UE da IXP Vaca Galega / Boi Galego e potenciar a súa posta en marcha e implantación no campo

Compromiso da industria cárnica de Galicia coa IXP Vaca Galega / Boi Galego

Plan de internacionalización: consolidación en Alemaña e apertura a outros mercados